

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014957	CPI de San Sadurniño	San Sadurniño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	5º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A programación da área de Crecemento e Harmonía recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 5º de EI co fin de que os nenos e as nenas coñezan, dominen e coiden o seu propio corpo. Esta construción involucra diversas dimensións interdependentes, como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade ou a convivencia.

Durante os primeiros anos de vida aparecen emocións e sentimentos, ao tempo que as nenas e os nenos conforman a súa propia imaxe e a autoestima, que serán a base do logro progresivo da autonomía. Con esta área pretendemos traballar a dimensión social e persoal, entendidas como inseparables e complementarias.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situación de aprendizaxe. Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares, e favorecer así unha aprendizaxe significativa e funcional.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma referencia para os centros de interese, que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre partindo do interese do alumnado.

A temporalización das proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1				1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable			1	1		1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos	1					1	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxectos en Sansa	Con esta unidade didáctica quérese implementar un procedemento de aprendizaxe globalizado que permite alcanzar uns obxectivos que o docente e o alumnado propoñen a través da posta en práctica dunha serie de accións integradas e planificadas dirixidas a resolver unha situación ou problema previamente establecido, interactuando co grupo e o entorno e usando recursos variados. A través desta metodoloxía de traballo o alumnado, os mestres/as e as familias únense coa finalidade de aprender xuntos.	90	X	X	X
2	Xogamos e aprendemos nos recantos	Recantos de actividade, entendidos como espazos organizados dentro da aula que ofrecen diversas alternativas de traballo/xogo ao alumnado coas que se fomentan distintos aspectos da aprendizaxe nun ambiente cálido, lúdico e divertido. Recantos como o das contrucións, arte, mates divertidas, xogo simbólico e biblioteca.	90	X	X	X
3	Abeneando en Sansa	Proxecto a través do cal introduciremos a metodoloxía Abn nas aulas de E.Infantil para desenvolver o sentido numérico no alumnado dunha forma sinxela e divertida a través do uso de materiais manipulativos.	50	X	X	X
4	Arte-llando	É unha proposta na que traballaremos por un lado a arte como linguaxe e como potenciador do proceso de aprendizaxe. Investigaremos e coñeceremos a importancia das cores, os materiais e as técnicas no momento de expresarnos de maneira plástica. As obras de arte terán un lugar na nosa aula. E polo outro a robótica co Bee-Bote e pequenos retos de aprendizaxe que debe resolver o alumnado programando o robot coa secuencia correcta de movementos para chegar ao seu destino e iniciarnos no pensamento computacional a través da manipulación.	50	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxectos en Sansa	90

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz e sensorial ás dimensións e elementos do espazo.	TI
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica diferenzas entre persoas e adopta posturas non discriminatorias.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Presenta unha boa motricidade fina e mostra habilidade no manexo de certos elementos, así coma na manipulación de pezas pequenas.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Identifica nel mesmo, e nos demais, determinadas emocións e estados de ánimo; sendo capaz de resolver positivamente conflitos cotiás controlando os seus impulsos.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Busca estratexias e adapta as súas accións e comportamentos para realizar as actividades cando se atopa con dificultades.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda cando a precisa, tando aos iguais coma aos adultos e é quen de ofrecela cando os compañeiros a precisan, identificando esas situacións.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Presenta unha boa motricidade fina e mostra habilidade no manexo de certos elementos, así coma na manipulación de pezas pequenas.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Realiza actividades relacionadas co autocoidado. Actúa con iniciativa e autonomía en actividades da vida cotiá.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Coñece as rutinas da aula, aceptando e respectando as normas da mesma e asocia a secuencia temporal con determinadas accións cotiás.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Amosa unha actitude positiva e autónoma de cara ás actividades, coñecendo e aceptando as normas.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Coñece as rutinas da aula, aceptando e respectando as normas da mesma e asocia a secuencia temporal con determinadas accións cotiás.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Planifica e coordina as súas accións coas dos compañeiros e compañeiras, respectando as súas opinións e aceptándoas.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Reproduce dun xeito libre e igualitario, a través do xogo simbólico, situacións da vida cotiá xunto aos iguais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Recoñece e mostra interese pola súa participación nas celebracións que se levan a cabo na súa contorna, valorándoas positivamente.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais. - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	Xogamos e aprendemos nos recantos	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz e sensorial ás dimensións e elementos do espazo.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica diferenzas entre persoas e adopta posturas non discriminatorias-	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Presenta unha boa motricidade fina e mostra habilidade no manexo de certos elementos, así coma na manipulación de pezas pequenas.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Identifica nel mesmo, e nos demais, determinadas emocións e estados de ánimo; sendo capaz de resolver positivamente conflitos cotiás controlando os seus impulsos.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Busca estratexias e adapta as súas accións e comportamentos para realizar as actividades cando se atopa con dificultades.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda cando a precisa, tando aos iguais coma aos adultos e é quen de ofrecela cando os compañeiros a precisan, identificando esas situacións.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Presenta unha boa motricidade fina e mostra habilidade no manexo de certos elementos, así coma na manipulación de pezas pequenas.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Realiza actividades relacionadas co autocoidado. Actúa con iniciativa e autonomía en actividades da vida cotiá.	TI
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Coñece as rutinas da aula, aceptando e respectando as normas da mesma e asocia a secuencia temporal con determinadas accións cotiás.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Amosa unha actitude positiva e autónoma de cara ás actividades, coñecendo e aceptando as normas.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Coñece as rutinas da aula, aceptando e respectando as normas da mesma e asocia a secuencia temporal con determinadas accións cotiás.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Planifica e coordina as súas accións coas dos compañeiros e compañeiras,, respectando as súas opinións e aceptándoas.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Reproduce dun xeito libre e igualitario, a través do xogo simbólico, situacións da vida cotiá xunto aos iguais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Recoñece e mostra interese pola súa participación nas celebracións que se levan a cabo na súa contorna, valorándoas positivamente.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais. - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	Abeneando en Sansa	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz e sensorial ás dimensións e elementos do espazo.	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Presenta unha boa motricidade fina e mostra habilidade no manexo de certos elementos, así coma na manipulación de pezas pequenas.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Busca estratexias e adapta as súas accións e comportamentos para realizar as actividades cando se atopa con dificultades.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda cando a precisa, tando aos iguais coma aos adultos e é quen de ofrecela cando os compañeiros a precisan, identificando esas situacións.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Coñece as rutinas da aula, aceptando e respectando as normas da mesma e asocia a secuencia temporal con determinadas accións cotiás.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Planifica e coordina as súas accións coas dos compañeiros e compañeiras,, respectando as súas opinións e aceptándoas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.

UD	Título da UD	Duración
4	Arte-llando	50

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz e sensorial ás dimensións e elementos do espazo.	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Presenta unha boa motricidade fina e mostra habilidade no manexo de certos elementos, así coma na manipulación de pezas pequenas.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Identifica nel mesmo, e nos demais, determinadas emocións e estados de ánimo; sendo capaz de resolver positivamente conflitos cotiás controlando os seus impulsos.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Busca estratexias e adapta as súas accións e comportamentos para realizar as actividades cando se atopa con dificultades.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda cando a precisa, tando aos iguais coma aos adultos e é quen de ofrecela cando os compañeiros a precisan, identificando esas situacións.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Presenta unha boa motricidade fina e mostra habilidade no manexo de certos elementos, así coma na manipulación de pezas pequenas.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Realiza actividades relacionadas co autocoidado. Actúa con iniciativa e autonomía en actividades da vida cotiá.	
CA3.5 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Coñece as rutinas da aula, aceptando e respectando as normas da mesma e asocia a secuencia temporal con determinadas accións cotiás.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Amosa unha actitude positiva e autónoma de cara ás actividades, coñecendo e aceptando as normas.	
CA4.2 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Coñece as rutinas da aula, aceptando e respectando as normas da mesma e asocia a secuencia temporal con determinadas accións cotiás.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Planifica e coordina as súas accións coas dos compañeiros e compañeiras,, respectando as súas opinións e aceptándoas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na área de Crecemento en Harmonía buscará desenvolver no alumnado o máximo desenvolvemento axustándose ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras. Estas situacións educativas promoverán a observación, a manipulación e a exploración dos nenos e das nenas desenvolvendo aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do esquema corporal, así como favorecer un bo autoconceito e autoestima persoal.

A metodoloxía levada a cabo terá en conta unha serie de principios e liñas de actuación, que dende o nosa visión pedagóxica, son necesarias e imprescindibles para crear situacións de aprendizaxe que conecte cos intereses das nenas e dos nenos, respectando as diversas linguaxes e formas de comunicación e que lle permitirá ao alumnado coñecer, comprender e ser parte activa da realidade que o rodea.

Dentro da metodoloxía desta programación destacamos:

Principio de globalización: partírase da realidade próxima ao neno/a, dos seus coñecementos previos para, pouco a pouco, axudarlle a avanzar na construción dos seus significados co que facilitaremos as aprendizaxes significativas.

Principio de actividade: os nenos/as precisan facer, manipular, experimentar....para a partir desta actividade construír os seus esquemas cognitivos. O alumnado será protagonista activo do seu proceso de aprendizaxe.

Principio de actividade lúdica (gamificación): un recurso didáctico que estará sempre presente na aula é o xogo. O noso alumnado aprenderá xogando e xogará aprendendo.

Principio da pedagogía do éxito: a motivación positiva e os pequenos logros diarios serán a base da metodoloxía. A creación dun ambiente de afecto e seguridade, onde o alumnado poida expresar emocións, sentimentos e ideas libremente, desenvolvendo unha autoestima e autoconceito positivos.

Desenvolvemento de proxectos nos que se intentará resolver un problema. Levaremos a cabo actividades de pequenas investigación, búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar a resolución dun problema ou obxectivo proposto, compartir experiencias e os resultados obtidos cos compañeiros/as.

Os agrupamentos serán variados en función das necesidades do alumnado e das actividades que se leven a cabo. Teremos agrupamentos en gran grupo: para planificar conxuntamente actividades, exposicións, lecturas, explicacións, debates, asemblea, etc. Agrupamentos en pequeno grupo, ideal para favorecer a interacción cooperativa e traballo individual, que son un bo recurso para fomentar a responsabilidade e a autonomía.

Estará moi presente no deseño das actividades os principios do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA), ofertando dentro dunha mesma actividade diferentes maneiras de acceder á información, diferentes modos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

A organización dos tempos será flexible respectando os ritmos individuais de cada neno/a e combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades do alumnado Neste sentido teremos tempos para a expresión e comunicación de vivencias, sentimentos, emocións, coñecementos e saberes...

Organización dos espazos da aula por recantos a través dos cales traballaran os contidos relacionados coa área na que nos atopamos e de xeito globalizado coas demais áreas do currículo. Os recantos presentes na aula son: recanto da biblioteca e as letras; recanto de Mates divertidas, recanto das construcións; recanto de arte; recanto do xogos-proxecto.

As TIC serán un recurso máis para o desenvolvemento das capacidades e habilidades do alumnado. O alumno iniciárase no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Entendendo os recursos didácticos como todos aqueles medios que son necesarios para que o proceso de ensino - aprendizaxe sexa o máis eficaz e profundo posible utilizase o esquema de oferta de materiais (Loughlin e Suina) para dotar a aula, xa que estes atópanse a disposición dos alumnos para que accedan a eles, respectando as normas habituais de uso. Os materiais que se utilizan na escola:
Recursos didácticos materiais: de carácter inventariable (encerado, cortizas...) , materiais estruturados (crebacabezas, regretas, bloque lóxicos abecedarios.. ...), materiais non estruturados (de refugallo, pezas soltas, elementos da natureza).
Recursos didácticos impresos: libros ilustrados, libro- album, libros informativos, xornais, revistas, carteis, folletos de propaganda, utensilios para producir textos impresos (tampóns e tinta, etiquetas...), bits de intelixencia...
Recursos didácticos audiovisuais: fotografías, láminas, carteis publicitarios, ...
Recursos TIC: o ordenador de aula, o encerado dixital interactivo, a tablet, conexión a internet, programas elaborados no entorno Lim, Jclic, robot Bee bot etc.

Os criterios para a súa utilización:

- Disposición: visibles e accesibles.
- Conservación: cada material terá un lugar de recollida.
- Información: preséntase na asemblea para que saiban como utilizalos e de vez en cando retomasen.
- Almacenamento: os recursos aparecen pouco a pouco o resto gárdase fóra da aula.
- Conservación - renovación: dedicar momentos a reparar materiais cos nenos/as, mestra e cos pais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como o proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo. Levarase a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas. Recolleremos datos que consideremos relevantes relacionados cos hábitos de traballo, actitudes dos nenos/as...e tamén usaremos listas de control na que recolleremos os aspectos máis relevantes do proceso de aprendizaxe.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, de razoamento, cálculo, pensamento lóxico, etc. realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións do alumnado.
- Análise do expediente do alumnado e dos datos recollidos na aplicación informática XADE.

Destacar o carácter preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias. Esta avaliación inicial realizarémola cando o alumno/a se incorpore por primeira vez ao centro e ao inicio de cada curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación que usaremos na etapa de Educación Infantil están establecidos na escala de valoración dos indicadores observables específicos das diferentes áreas que aparecen recollidos na aplicación informática Xade. A valoración exprésase en termos cualitativos que entendemos do seguinte xeito:

Con dficultade: aquel alumnado que non acadou os obxectivos propostos sendo necesario realizar actividades de Reforzo e/ou unha atención máis individualizada.

En proceso:cando o alumno/a está a desenvolver axeitadamente as estratexias para o seu logro pero aínda non os acadou.

Sen dificultade: para aqueles discentes que procuraron os obxectivos con facilidade dunha maneira autónoma.

Criterios de recuperación:

Na etapa de Educación Infantil non procede establecer criterios de recuperación.

6. Medidas de atención á diversidade

O tratamento da atención á diversidade, tanto a diversidade do alumnado como na atención educativa con alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, contéplase no referente lexislativo da ORDEN de 8 de setembro de 2021 por la que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, e que debe partir das premisas de Integración-Inclusión, e recollerase nos diferentes documentos de centro: PXA e Plan de Atención á Diversidade incluído no PE.

A diversidade é unha realidade. Cada alumno e cada alumna ten unhas determinadas necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica,

etc.), que deben ser satisfeitas. En consecuencia, o 2º ciclo de Educación Infantil (a aula do 5º nivel de EI) ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Contemplaremos medidas ordinarias, que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro e ás características do noso alumnado. Ditas medidas son as seguintes:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Tamén teremos en conta as medidas extraordinarias, que son aquelas enfocadas a dar resposta á diversidade do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Son as seguintes:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe..
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- f) Grupos de adquisición das linguas.

Na aula contamos cun alumno con trastorno do espectro autismo. As pautas e estratexias metodolóxicas a levar a cabo son:

- Reforzo do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo Teacch.
- Emprego de elementos visuais para favorecer a comunicación (pictogramas).
- Adaptación das tarefas ao seu nivel de aprendizaxe, intereses e motivacións.
- Favorecer a relación social cos seus iguais.
- Secuenciar as tarefas, incluso com referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación)

Outras medidas de atención a diversidade que teremos presentes:

- Organizar a aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base as súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E do centro, nos principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder a información, de expresarse e de motivar ao alumnado.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten as características do alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para a estimulación da linguaxe, o razonamento e atención.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Adecuar a programación didáctica, realizando unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Intervenir educativamente sempre desde un enfoque multidisciplinar (titoría, Departamento de Orientación, Familias ou titores legais, servizos sanitarios, sociais...)

Destacar a importancia da coordinación entre Departamento de Orientación, mestres especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, titora de aula e familia, así como asociacións externas como ASPANAES E ASPANEPS as que asiste o alumno.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Desenvolvemento e xestión emocional a través da arte, dos contos e da participación nas actividades do centro.	X	X		X
ET.2 - Promoción e estilos de vida saudable a través da proposta de Merendas saudables, o fomento de hábitos de coidado do corpo en relación ao aseo e a alimentación e o Proxecto Patios (actividades que fomenten o movemento, o xogo en equipo, a imaxinación,...).	X	X		X
ET.3 - Pautas elementales de convivencia a través das rutinas e normas da aula, da participación en actividades conxuntas co alumnado e coa participación no contrato Programa INCLÚE-T. proxecto Patios en E. Infantil e E. Primaria.	X	X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos a través do proxecto Reciclansa do centro no que as 3r (reducir, reciclar e reutilizar) están moi presentes. Colaborar en todas aquelas actividades enfocadas ao coidado e conservación no noso entorno máis próximo.	X	X		
ET.5 - Educación para o consumo responsable: levar a cabo accións encamiñadas á consecución dos obxectivos da Axenda 2030 e fomentar no alumnado accións destinadas ao coidado da natureza e a redución daquelas accións que causan un gran impacto na mesma.	X	X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos: a través da celebración de datas significativas como o 25 de Novembro, 8 de Marzo, día da Muller traballadora, coa proposta de lecturas coeducativas e participando na actividade "Mulleres na historia, na ciencia, na literatura, na arte".	X	X	X	X
ET.7 - Educación en valores a través da proposta Pequecentos con valores vinculados as súas experiencias, sentimentos e vivencias.	X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festas de Outono	Celebraremos Samaín (lectura de medo e merendas terroríficas); Día do Peón e degustación de castañas no tempo de lecer; Nadal (visita do Reis Mago ou o Apalpador e concurso de tarxetas)	X		
Imos ao Belén	Visitaremos un Belén artesanal nunha zona próxima ao centro, de interese cultural e artístico.	X		
Festas de Inverno	Celebraremos o Día da Paz e Non Violencia; Entroido e os Mandados do Meco Paquito. Celebración do día da amizade o 14 de febreiro.		X	
Visita eco-escola As Campeiras	Coa finalidade de traballar a importancia da reciclaxe e o coidado do medio ambiente.		X	
Festas de Primavera	Celebraremos a Semana das Letras Galegas; Semana do Libro (apadriñando lectores); Fin de curso			X
Visita a casa dos peixes- A Coruña	Visitaremos A casa dos peixes co obxectivo de acercar ao alumnado ao coñecemento do mundo mariño.			X

Observacións:

Ao longo do curso poden xurdir outras actividades en función dos proxectos que se traballen ou dos intereses e necesidades das situacións de aprendizaxe e do alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalio os coñecementos previos do alumnado en relación ao proxecto traballado e establezo medidas de resposta en función dos resultados.
O desenvolvemento da programación foi acorde co programado.
Realizo as actividades complementarias programadas
Observo de forma habitual o proceso de aprendizaxe do alumnado para adecuar a proposta pedagóxica.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organizo e doto os recantos da aula con recursos suficientes.
Uso materiais variados, suficientes, accesibles e adecuados.
Elaboro materiais para mellorar a dotación dos recantos
Incorporo as TICs ao proceso de ensinanza-aprendizaxe
Medidas de atención á diversidade
Propoño actividades variadas para atender a diversidade.
Propoño actividades de ampliación e reforzo.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos ritmos de aprendizaxe
Emprego distintos procedementos instrumentos de avaliación en función das características do grupo e do alumnado
Clima de traballo na aula
Favorezo a interacción do alumnado con distintos agrupamentos na aula: actividades en gran grupo, pequeno grupo, parellas,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Asisto, participo e colaboro nas reunións convocadas mensualmente pola coordinadora de ciclo (mestres do ciclo)
Asisto, participo e colaboro nas reunións entre mestres dos outros ciclos convocadas mensualmente pola Xefatura de Estudos.
Establezo as vías e procedementos para facilitar información ás familias: correos enviados e contestados, notas informativas, abalar
Informo regularmente às familias dos progresos e dificultades do seu fillo/a.
Facilito a participación das familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as: titorías solicitadas e realizadas
Coordino o traballo co alumnado con apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Descrición:

Os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre a propia práctica docente e o proceso de ensino-aprendizaxe levado a cabo na aula, realizando as modificacións que consideremos oportunas para mellorar a calidade do ensino.

Para valoralos empregaremos unha escala cos seguintes niveis de consecución: Nivel 0: non se acadou; Nivel 1: foi acadado en parte; Nivel 2: acadouse na súa totalidade.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao rematar cada trimestre realizaremos un seguimento da programación a través da aplicación PROENS e dende a coordinación de ciclo de Educación Infantil e Xefatura de Estudos.

9. Outros apartados